

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 13622** *Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, polo que se crea un mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro para empresas de determinados sectores e subsectores industriais aos que se considera expostos a un risco significativo de «fuga de carbono» e se aproban as bases reguladoras da concesión das subvencións para os exercicios 2014 e 2015.*

A Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello (en diante, Directiva RCDE da UE), e a Directiva 2009/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para perfeccionar e ampliar o réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, con efecto desde o 1 de xaneiro de 2013, forman parte dun conxunto normativo que contén medidas destinadas a combater o cambio climático e a promover as enerxías renovables e de baixo consumo de carbono. Ese conxunto foi deseñado principalmente para lograr o obxectivo ambiental xeral da Unión Europea de reducir un 20 por cento, con respecto a 1990, as emisións de gases de efecto invernadoiro, conseguir unha mellora da eficiencia enerxética nun 20 por cento e que, no ano 2020, un 20 por cento do consumo eléctrico da Unión proceda de enerxías renovables.

A Directiva RCDE da UE prevé a posibilidade de establecer medidas especiais e de carácter temporal para determinadas empresas, con obxecto de compensar os aumentos de prezos da electricidade resultantes da inclusión dos custos das emisións de gases de efecto invernadoiro debidos ao réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade. O ordenamento xurídico español, na disposición adicional sexta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, que foi introducida pola Lei 13/2010, do 5 de xullo, pola que se modifica a Lei 1/2005, do 9 de marzo, para perfeccionar e ampliar o réxime xeral de comercio de dereitos de emisión e incluír nel a aviación, prevé, así mesmo, a posible compensación de custos de emisións indirectas e dispón que «O Goberno, por proposta conxunta dos ministerios de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Economía e Facenda e de Industria, Turismo e Comercio, poderá establecer a creación dun mecanismo de compensación dos custos indirectos imputables ás emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidos nos prezos da electricidade do que se poderán beneficiar as instalacións pertencentes a sectores expostos a un risco significativo de fugas de carbono».

Por outro lado, a terceira fase do réxime europeo de comercio de dereitos de emisión (2013-2020) non prevé asignación gratuíta para a xeración eléctrica polo que a partir de 2013 todas as instalacións de xeración deben comprar os dereitos necesarios en poxa e este sobrecusto será trasladado directamente ao consumidor. En consecuencia, a Unión Europea permite a cada Estado membro segundo o seu orzamento nacional e de acordo coa Comunicación da Comisión (2012/C 158/04), sobre directrices relativas a determinadas medidas de axuda estatal, no contexto do réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, compensar estes custos indirectos (sobrecusto da electricidade por poxas de CO<sub>2</sub>) para as industrias de determinados sectores ou subsectores aos cales se considera expostos a un risco significativo de «fuga de carbono» (deslocalización) debido aos custos relacionados coas emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidos nos prezos da electricidade.

Para paliar na medida do posible o impacto dos ditos custos sobre a competitividade das nosas industrias e de acordo con estas previsións, é conveniente a creación do citado mecanismo de compensación dos custos indirectos imputables ás emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidos nos prezos da electricidade, denominado «Axudas compensatorias por custos de emisións indirectas de CO<sub>2</sub>», que adoptará a forma de subvención e que se prevé para un período de dous anos (2014-2015), que poderá ser prorrogado na medida en que o permita a normativa europea aplicable.

Dado que o ámbito de aplicación do mecanismo de compensación dos custos indirectos imputables ás emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidos nos prezos da electricidade é todo o territorio nacional, e en beneficio da súa efectividade e operatividade, imponse lóxicamente a unidade de xestión das axudas, xa que non é posible establecer a priori un esquema de distribución territorial do gasto.

En efecto, apréciase unha imposibilidade de establecer criterios apriorísticos para a distribución do orzamento para estas axudas, o que fai inviable unha repartición previa deste entre as comunidades autónomas. Isto fai que o orzamento non se poida fraccionar, dándose o suposto do parágrafo segundo do artigo 86.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e xustifica a competencia estatal e a xestión centralizada deste tipo de apoios, xa que os mecanismos de cooperación ou coordinación que se poidan establecer coas comunidades autónomas non resolverían o problema exposto.

Ademais, constitúe un obxectivo fundamental desta norma a harmonización dos criterios que deben guiar a concesión destas axudas, seguindo as directrices establecidas pola Unión Europea, polo que estas axudas son compatibles co mercado interior. A aplicación dos ditos criterios de forma común aos potenciais beneficiarios é necesaria para garantir a igualdade de oportunidades no acceso aos recursos públicos destinados a compensar os custos de emisións indirectas de CO<sub>2</sub> en calquera punto do territorio nacional.

Non obstante o anterior e co obxecto de ter en conta a xurisprudencia sentada polo Tribunal Constitucional e de acordo coas instrucións do Consello de Estado, este real decreto foi sometido ao parecer das comunidades autónomas. Adicionalmente, un representante delas formará parte da comisión de avaliación da concesión das axudas, nos termos establecidos no número 2 do artigo 14 deste real decreto.

O real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Na súa tramitación solicitáronse os informes dos ministerios de Facenda e Administracións Públicas, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Economía e Competitividade, así como os informes da Avogacía do Estado e da Intervención Delegada no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Enerxía e Turismo, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 12 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a creación dun mecanismo de compensación dos custos indirectos imputables ás emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidos nos prezos da electricidade, do cal poderán beneficiarse as instalacións pertencentes a

sectores expostos a un risco significativo de «fuga de carbono», así como a aprobación das bases reguladoras da concesión das correspondentes subvencións, conforme o previsto na normativa da Unión Europea e nacional aplicable.

Artigo 2. *Finalidade e forma.*

1. Este mecanismo de compensación, denominado «Axudas compensatorias por custos de emisións indirectas de CO<sub>2</sub>», ten como finalidade evitar no posible que un beneficiario estea exposto a un risco significativo de «fuga de carbono», se os seus competidores de terceiros países non se enfrontan aos mesmos custos de CO<sub>2</sub> nos prezos da electricidade e se o dito beneficiario non pode repercutir eses custos nos prezos do produto sen perder unha parte significativa do mercado.

2. Este mecanismo de compensación adoptará a forma de subvención.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación temporal.*

O disposto neste real decreto será aplicable ás subvencións que se convoquen nos anos 2014 e 2015.

Artigo 4. *Beneficiarios.*

1. Poderanse acoller ás axudas reguladas neste real decreto as sociedades mercantís do sector privado, estean incluídas ou non no réxime de comercio de emisións, calquera que sexa a súa forma xurídica, que estean validamente constituídas no momento de presentar a solicitude, que realicen unha ou varias actividades nos sectores ou produzan os produtos, enumerados no anexo II da Comunicación da Comisión (2012/C 158/04) sobre directrices relativas a determinadas medidas de axuda estatal no contexto do réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, publicada no «Diario Oficial de la Unión Europea», número C 158, do 5 de xuño de 2012 (en diante, as directrices), baixo os códigos NACE que se explicitan nel.

Non obstante, nas convocatorias anuais de axudas que deriven deste real decreto figurarán sempre as relacións últimas dos sectores e produtos que aprobouse a Comisión Europea.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario as empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

3. Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias detalladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 5. *Características, réxime de concesión e criterios de acumulación das axudas.*

1. As axudas concederanse polo procedemento de concorrencia entre todos aqueles que solicitaron ser beneficiarios, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. O importe global máximo destinado ás subvencións na correspondente convocatoria ratearase entre todos os seus beneficiarios.

3. A percepción das axudas reguladas neste real decreto será compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que teñan como obxectivo a compensación dos custos relacionados coas emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidos nos prezos da electricidade, procedentes de calquera das administracións públicas ou da Unión Europea.

4. Segundo se establece nos números 46 e 47 das directrices, a contía de todas as axudas obtidas por este concepto, calquera que sexa a súa orixe, non poderá exceder a porcentaxe establecida no artigo 7.3 deste real decreto.

**Artigo 6. Criterios de avaliación.**

As solicitudes avaliaranse de acordo co cumprimento dos seguintes criterios:

a) Estar en risco de fuga de carbono, segundo o disposto nos números 15 e 16 do artigo 10 bis da Directiva RCDE da UE, en relación coas actividades ou produtos definidos no anexo II das directrices, por ter incorrido en custos de emisións indirectas de CO<sub>2</sub>, como consecuencia dos procesos de produción e/ou ter realizado actividades comerciais con terceiros países.

b) Ter acreditado actividade produtiva durante os correspondentes exercicios en que se efectúen convocatorias derivadas deste real decreto.

**Artigo 7. Determinación dos custos subvencionables e intensidade máxima da axuda.**

1. A determinación dos custos subvencionables na fabricación de produtos dos sectores e subsectores enumerados no anexo II das directrices, no ano t, efectuarase da seguinte forma:

a) Cando os valores de referencia do consumo eficiente de electricidade que figuran no anexo III das directrices se apliquen aos produtos fabricados polo beneficiario, o custo subvencionable, CSub<sub>t</sub>(a), por instalación, no ano t será igual a:

$$CSub_t(a) = C_t \times P_{t-1} \times E \times BO$$

Onde C<sub>t</sub> é o factor de emisión de CO<sub>2</sub> aplicable (tCO<sub>2</sub>/MWh) no ano t; P<sub>t-1</sub>, o prezo a prazo dos dereitos de emisión da Unión Europea (DEUE) no ano t-1 (EUR/tCO<sub>2</sub>); E, o valor de referencia da eficiencia do consumo eléctrico (MWh/tprod), para un produto determinado recollido no anexo III das directrices, e BO, a produción de referencia (t prod). Estes conceptos defínense no anexo deste real decreto.

No caso de que a empresa fabrique produtos cuxa intercambiabilidade de electricidade e combustible se establece no anexo I, número 2, da Decisión 2011/278/UE da Comisión, do 27 de abril de 2011, pola que se determinan as normas transitorias da Unión para a harmonización da asignación gratuita de dereitos de emisión conforme o artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, non procede establecer un valor de referencia sobre a base de MWh/t de produto. Nestes casos, o factor «E» da fórmula para calcular o importe máximo dos custos subvencionables debe ser substituído polo seguinte termo:

$$E = [\text{Valor } BM_{\text{prod}} (\text{tCO}_2/\text{t}_{\text{prod}}) \times \text{fracción emisións indirectas (\%)}] / [0,465(\text{tCO}_2/\text{MWh})]$$

Onde:

Valor BM<sub>prod</sub>: valor de referencia de emisión por tonelada fabricada de produto segundo o anexo I da Decisión, en tCO<sub>2</sub>/t<sub>prod</sub>.

Fracción emisións indirectas: a parte das emisións indirectas pertinentes ao longo do período de referencia enténdese como o cociente entre as emisións indirectas pertinentes e a suma do total das emisións directas totais e as emisións indirectas pertinentes de acordo co artigo 14 da Decisión 2011/278/UE da Comisión, do 27 de abril de 2011.

0,465 (tCO<sub>2</sub>/MWh): factor medio europeo de intensidade de emisións, indicado na Comunicación (2012/C 387/06) da Comisión pola que se modifican as directrices, publicada no «Diario Oficial de la Unión Europea» número C 387, do 15 de decembro de 2012.

b) Cando os valores de referencia do consumo eficiente de electricidade que figuran no anexo III das directrices non se apliquen aos produtos fabricados polo beneficiario, o custo subvencionable, CSub<sub>t</sub>(b), por instalación, no ano t, será igual a:

$$CSub_t(b) = C_t \times P_{t-1} \times EF \times BEC$$

Onde C<sub>t</sub> é o factor de emisión de CO<sub>2</sub> aplicable (tCO<sub>2</sub>/MWh) no ano t; P<sub>t-1</sub>, o prezo a prazo dos DEUE no ano t-1 (EUR/tCO<sub>2</sub>); EF, o valor de referencia do consumo de

electricidade alternativa, e BEC, o consumo eléctrico de referencia (MWh). Estes conceptos defínense no anexo deste real decreto.

2. O importe máximo da axuda que se poderá aboar, por instalación, no ano  $t$ , para a fabricación de produtos dos sectores e subsectores enumerados no anexo II das directrices calcularase, en cada caso, de acordo coa seguinte fórmula:

$$A_{max_t} = A_i \times C_{Sub_t}(a)$$

$A_{max_t} = A_i \times C_{Sub_t}(b)$ , onde  $A_i$  é a intensidade da axuda no ano  $t$ .

3. A intensidade da axuda ( $A_i$ ) non poderá superar o 85 por cento dos custos subvencionables en que se incorreu nos anos 2014 e 2015, de acordo co establecido no número 26 das directrices.

4. Se, durante o ano de concesión da axuda, a capacidade de produción dunha instalación rexistra unha ampliación significativa conforme a definición do dito termo no anexo deste real decreto, a produción de referencia poderá aumentarse en proporción co dito aumento de capacidade, de acordo co especificado nas directrices.

Para efectos do establecido no parágrafo anterior, non serán tidos en conta os aumentos de capacidade superiores aos que, se for o caso, fosen declarados no momento de solicitude da axuda, nos termos establecidos no número 2.b).3 do artigo 13 deste real decreto.

No caso de redución do nivel de produción, o importe da axuda diminuirá en proporción á dita redución e non serán tidas en conta as reducións reais inferiores ás manifestadas, se for o caso, na declaración responsable exixida aos solicitantes segundo o establecido no número 2.b).3 do artigo 13 deste real decreto.

5. Se unha instalación fabrica produtos aos cales se aplica un valor de referencia do consumo eficiente de electricidade (E), enumerado no anexo III das directrices e produtos aos cales se aplica o valor de referencia do consumo de electricidade alternativa (EF), o consumo eléctrico de cada produto debe repartirse en función da tonelaxe correspondente de produción de cada produto.

6. Se unha instalación fabrica produtos subvencionables (é dicir, produtos dos sectores ou subsectores subvencionables enumerados no anexo II das directrices) e produtos non subvencionables, o importe máximo da axuda que se poderá aboar calcularase unicamente sobre a base dos produtos subvencionables.

7. O cálculo da produción de referencia BO e, se for o caso, do consumo eléctrico eficiente BEC, durante o período de referencia 2005-2011 realizarase para cada un dos produtos subvencionables para os cales unha instalación solicite a axuda.

## CAPÍTULO II

### Procedemento de xestión das axudas

**Artigo 8.** *Órganos competentes para convocar, instruír e resolver o procedemento de concesión e órgano responsable do seguimento das axudas.*

1. Será competente para convocar e resolver o procedemento de concesión das axudas reguladas neste real decreto o ministro de Industria, Enerxía e Turismo, sen prexuízo da posibilidade de delegación do exercicio desta competencia.

2. O órgano competente para ordenar e instruír o procedemento de concesión das axudas será a Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

3. Para efectos do previsto no artigo 88.3 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, o órgano encargado do seguimento das axudas concedidas será a Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

Artigo 9. *Convocatorias de axudas e inicio do procedemento.*

1. O procedemento será o de concorrencia competitiva, conforme os principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación e eficacia no cumprimento dos obxectivos.
2. As axudas articularanse a través de convocatorias anuais.
3. O procedemento para a concesión das ditas axudas será iniciado de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario a que se imputa a subvención, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Artigo 10. *Tramitación electrónica.*

1. De acordo co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a citada lei, a tramitación electrónica será obrigatoria en todas as fases do procedemento, de forma que as solicitudes, comunicacións e demais documentación exixible relativa aos proxectos que concorran a estas axudas serán presentadas no Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

2. O solicitante poderá acceder, co certificado con que presentou a solicitude, ao Rexistro Electrónico do citado ministerio, onde poderá consultar os documentos presentados. Así mesmo, a presentación da solicitude con sinatura electrónica comportará a conformidade do solicitante para recibir todas as comunicacións e notificacións da tramitación do expediente electrónico a través do dito rexistro electrónico, de acordo co previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, e co Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro. Neste mesmo rexistro, os interesados, debidamente identificados, poderán consultar os actos do procedemento que lles sexan notificados e efectuar a presentación da documentación adicional que poida ser requirida polo órgano actuante.

3. A publicación da proposta de resolución, así como a publicación das resolucións de desestimación, de concesión e as súas posibles modificacións e demais actos do procedemento, terán lugar no Portal de axudas aloxado na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (<https://sede.minetur.gob.es>), e producirá todos os efectos da notificación practicada segundo o disposto no artigo 59.6.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación cos procedementos de concorrencia.

4. Naqueles casos en que tivese lugar un procedemento de reintegro, as notificacións relacionadas co dito procedemento realizaranse baixo a modalidade de notificación por comparecencia electrónica, segundo o establecido no artigo 40 do referido Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro.

5. Os formularios, as declaracións responsables e os demais documentos electrónicos que hai que cubrir nas diferentes fases do procedemento estarán dispoñibles no mencionado Portal de axudas e deberán ser obrigatoriamente utilizados cando proceda.

6. Naquelas fases do procedemento en que para a simplificación administrativa se permita a presentación de declaracións responsables en lugar de determinada documentación, as ditas declaracións deberán presentarse en formato electrónico asinadas electronicamente polo declarante.

7. Os solicitantes non estarán obrigados a presentar os documentos que xa figuren en poder do órgano competente para a concesión, de conformidade co previsto polo artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro. No cuestionario de solicitude deberán indicar o número do expediente que lles foi comunicado naquela ocasión, sempre e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente requirirá ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

8. De acordo co artigo 48.1 do citado Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, os interesados poderán achegar ao expediente, en calquera fase do procedemento,

copias dixitalizadas dos documentos, cuxa fidelidade co orixinal garantirán mediante a utilización de sinatura electrónica avanzada. A Administración pública poderá solicitar do correspondente arquivo o cotexo do contido das copias achegadas. Ante a imposibilidade deste cotexo e con carácter excepcional, requirirá ao particular a exhibición do citado documento ou da información orixinal.

#### Artigo 11. *Representación.*

1. As persoas físicas que realicen a sinatura ou a presentación electrónica de documentos en representación das entidades solicitantes ou beneficiarias das axudas deberán desempeñar a representación necesaria para cada actuación, nos termos establecidos no artigo 32 da referida Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O asinante da solicitude de axuda deberá acreditar que no momento da presentación da solicitude ten representación suficiente para o acto. O incumprimento desta obrigaón, de non emendarse, dará lugar a que se considere que desiste na súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Da obrigaón de acreditar representación suficiente estarán exentas as entidades inscritas no rexistro de entidades que solicitan axudas do ministerio, habilitado no Portal de axudas aloxado na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, sempre que o asinante da solicitude estea acreditado no dito rexistro como representante da entidade. Igualmente, estarán exentas de acreditar a representación as persoas nas cales concorran as circunstancias previstas no artigo 10.7 deste real decreto.

3. O órgano instructor poderá requirir en calquera momento ás persoas asinantes das distintas documentacións que se presenten a acreditación da representación que desempeñan. A falta de representación suficiente determinará que o documento en cuestión se teña por non presentado, cos efectos que disto deriven para a continuación do procedemento.

4. Cando o asinante sexa o titular do órgano de representación da entidade recoñecido nos seus estatutos, poderá acreditar a representación achegando unha copia electrónica dos ditos estatutos e unha declaración responsable asinada electronicamente polo secretario da entidade en que se identifique o titular do órgano de representación. Cando o nomeamento sexa público poderase achegar unha copia electrónica da publicación do nomeamento no diario oficial, en lugar de declaración responsable.

#### Artigo 12. *Prazo de presentación de solicitudes.*

1. O prazo de presentación de solicitudes e da correspondente documentación será de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado», salvo que esta determine outro prazo de presentación.

2. A presentación das solicitudes fóra do prazo establecido dará lugar á súa inadmisión.

#### Artigo 13. *Formalización e presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes das axudas e o resto de documentación que hai que achegar seguirán o modelo establecido na correspondente convocatoria. Estarán dispoñibles, desde a publicación da convocatoria, no Portal de axudas aloxado na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, onde se disporán os medios electrónicos de axuda necesarios.

2. A documentación que hai que presentar consta dos seguintes elementos:

a) Administrativos:

a) 1. Cuestionario electrónico de solicitude: ficheiro xerado desde os medios electrónicos especificados na convocatoria correspondente, que incluíra o nome do solicitante e a instalación da súa propiedade para a cal se solicita axuda, así como o

sector ou subsector en que opera, os produtos fabricados e o código NACE e Prodcom correspondente (segundo a revisión 1.1 dos ditos códigos recollida no anexo II das directrices).

a) 2. Acreditación válida do poder do asinante da solicitude.

b) Técnicos:

Caso 1. Cando os valores de consumo eficiente de electricidade figuran no anexo III das directrices:

b) 1.1 Declaración responsable, da produción de referencia (BO), segundo a definición e o método de cálculo establecido no anexo deste real decreto. A declaración responsable incluírá a produción anual de cada un dos anos do período de referencia. No caso de que a empresa fabrique produtos cuxa intercambiabilidade de electricidade e combustibles se establece no anexo I da Decisión 2011/278/UE, achegarase igualmente a fracción de emisións indirectas, segundo o establecido no artigo 7 deste real decreto.

Caso 2. Cando os valores de consumo eficiente de electricidade non figuran no anexo III das directrices:

b) 1.2 Declaración responsable do consumo eléctrico de referencia (BEC), segundo a definición e o método de cálculo establecidos no anexo deste real decreto. A declaración responsable incluírá o consumo eléctrico anual e a produción anual de cada un dos anos do período de referencia.

b) 2. Para cada instalación con que conte a empresa, memoria explicativa dos custos de emisións indirectas, en relación coas actividades ou produtos incluídos no ámbito de aplicación do presente real decreto durante o exercicio da convocatoria.

b) 3. Declaración responsable, se for o caso, relativa ás ampliacións significativas de capacidade conforme a definición do anexo deste real decreto, ou reducións do nivel de produción que se deban ter en conta.

b) 4. Acreditación da actividade produtiva mediante a presentación das facturas de consumo eléctrico dos doce meses precedentes ao da convocatoria.

3. A documentación que hai que presentar dos elementos técnicos relacionados no número 2.b) terá en conta exclusivamente as actividades desenvolvidas que se consideren beneficiarias da presente orde.

4. Os interesados presentarán a solicitude de axuda e o resto da documentación no Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, con sinatura electrónica da persoa que teña poder de representación suficiente.

No caso de representación mancomunada, deberase achegar, así mesmo, unha copia dixitalizada da solicitude asinada electronicamente por cada un dos representantes mancomunados.

5. A solicitude conterá o consentimento expreso dos interesados ao órgano concedente para solicitar os certificados positivos de encontrarse ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o seu consentimento e achegar a dita certificación cando lle sexa requirida.

6. Se a documentación achegada non reúne os requisitos exixidos, requirirase o interesado para que, no prazo de dez días hábiles desde o seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixer, se considerará que desiste da súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.



#### Artigo 14. *Comisión de avaliación.*

1. Unha comisión de avaliación das solicitudes admitidas emitirá informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada, segundo o establecido no artigo 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. A dita comisión de avaliación estará presidida polo director xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa. A súa composición completárase cos seguintes vogais:

O titular da Subdirección Xeral de Políticas Sectoriais Industriais, o da Subdirección Xeral de Programas Estratéxicos e o da Subdirección Xeral de Apoio á Pequena e Mediana Empresa da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, así como un representante con rango, ao menos, de subdirector xeral ou asimilado, por cada un dos seguintes órganos directivos: Gabinete do Ministro, Gabinete da Subsecretaría do Departamento, Gabinete da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, Gabinete da Secretaría de Estado de Enerxía, Gabinete da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa ou da Dirección Xeral de Política Económica do Ministerio de Economía e Competitividade e Oficina Española de Cambio Climático do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Igualmente, formará parte da comisión de avaliación como vogal o representante das comunidades autónomas ao cal, no momento da avaliación das solicitudes, lle corresponda a representación do resto das comunidades autónomas conforme o establecido nos acordos entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para o seguimento dos asuntos europeos na área de cambio climático.

Actuará como secretario un funcionario da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

3. O réxime xurídico da citada comisión será o establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. A citada comisión contará para o seu funcionamento cos medios persoais e materiais existentes na Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, órgano administrativo a que está adscrita.

#### Artigo 15. *Instrución do procedemento.*

1. O órgano competente para a instrución realizará, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. O órgano instrutor do procedemento procederá á admisión das solicitudes, conforme os requirimentos do artigo 4 deste real decreto.

3. O órgano instrutor dará traslado das solicitudes admitidas á comisión de avaliación a que se refire o artigo 14 deste real decreto, a cal procederá á avaliación e cuantificación das axudas aos solicitantes, de acordo co previsto nos seus artigos 6 e 7. Para isto, a comisión de avaliación poderá contar coa asistencia técnica que considere necesaria. Unha vez efectuadas a avaliación e a cuantificación das solicitudes, a comisión de avaliación elaborará o informe correspondente que enviará ao órgano instrutor. Este, baseándose no dito informe e no resto de antecedentes e informes, formulará a proposta de resolución de concesión, que terá carácter de definitiva.

A dita proposta será publicada no Portal de axudas aloxado na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, para os efectos de notificación e constará de:

- a) Relación de solicitudes estimadas, contía das axudas.
- b) Relación de solicitudes desestimadas.

O órgano instrutor do procedemento poderá formular a proposta de resolución con carácter provisional, debidamente motivada, e notificala deste modo aos interesados, cando no procedemento figuren e deban ser tidos en conta outros feitos ou outras

alegacións e probas adicionais ás aducidas polos interesados. En tal caso, concederáselles un prazo de dez días para presentar alegacións.

4. De acordo co artigo 24.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a indicada proposta de resolución notificarase aos interesados propostos como beneficiarios, a través do Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para que, no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa notificación, comuniquen a súa aceptación e acrediten o cumprimento das condicións seguintes:

- a) Cumprimento de obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.
- b) Non ter débedas por reintegro de axudas coa Administración.
- c) Estar ao día do pagamento das obrigacións de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- d) Non estar incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- e) Declaración responsable de axudas obtidas ou que se solicitaron para os mesmos custos elixibles a institucións nacionais ou comunitarias. A dita declaración deberá ser actualizada en calquera momento do procedemento, comunicando ao órgano instrutor a súa obtención, para efectos do cumprimento do disposto no artigo 5.4 deste real decreto. Así mesmo, presentarase declaración responsable de non incorrer nas circunstancias previstas no artigo 4.3 deste real decreto.

A acreditación do cumprimento das condicións a que fan referencia as letras b), c) e d) poderase substituír por unha declaración responsable do solicitante.

5. Enténdese que desisten da súa solicitude aqueles solicitantes que non presenten a declaración responsable ou non acrediten o cumprimento das condicións exixidas no dito prazo de dez días segundo o previsto no número 4. Se o cumprimento destas condicións xa lle consta ao órgano instrutor non habería que acreditarlas de novo de acordo co establecido no artigo 10.7 deste real decreto.

6. A proposta de resolución non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Administración, mentres non se lle notificase a resolución de concesión.

#### Artigo 16. *Resolución.*

1. Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento.

2. De acordo co artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a resolución ditada no procedemento notificarase aos interesados a través do Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

3. A resolución, que será motivada, pon fin á vía administrativa e será publicada no Portal de axudas aloxado na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no prazo máximo de seis meses contados desde a publicación da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado». O vencemento do mencionado prazo sen que se dite e notifique resolución expresa lexítima os interesados para entender desestimada a solicitude de axuda, conforme o establecido no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. As axudas concedidas publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» de acordo co estipulado no artigo 30 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

#### Artigo 17. *Recursos.*

1. A resolución do procedemento poderá ser impugnada potestativamente en reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte á data da súa notificación ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Sen prexuízo do anterior, no prazo de dous meses

contados desde o día seguinte á data da súa notificación, contra a dita resolución cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

2. A interposición dos recursos de reposición poderase realizar ante o Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo nos termos expresados nesta norma e de acordo co disposto na Orde IET/1902/2012, do 6 de setembro, pola que se crea e se regula o Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

#### Artigo 18. *Garantías e pagamento.*

1. Con carácter previo ao pagamento da axuda, poderase exixir ao beneficiario a constitución de garantía, mediante a achega por parte deste do xustificante de constitución de garantía ante a Caixa Xeral de Depósitos, nalgunha das modalidades previstas no Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, e na Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 7 de xaneiro de 2000, que desenvolve o mencionado real decreto, e cos requisitos establecidos en tales normas.

O importe da garantía, o prazo para a súa achega e a forma de cancelación determinaranse, se for o caso, na correspondente convocatoria de axudas.

2. Ordenarase o pagamento das axudas unha vez ditada a resolución de concesión e sempre que o réxime de concesión fose autorizado pola Comisión Europea.

#### Artigo 19. *Publicidade.*

1. A publicidade das axudas concedidas levarase a cabo segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Nas publicacións, actividades de difusión, páxinas web e outros medios da instalación subvencionada deberá mencionarse o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo como entidade financiadora.

#### Artigo 20. *Xustificación, comprobación e control.*

1. O beneficiario deberá presentar unha xustificación verificada, por un verificador acreditado no réxime de comercio de emisións, da produción e do consumo eléctrico reais, para o ano en que se concede a axuda. Na citada xustificación deberase desagregar o volume de produción real e o método para o seu cálculo, de tal forma que permita a súa verificación a partir dos estados contables da entidade beneficiaria. Igualmente, nos datos relativos ao consumo eléctrico, deberase indicar a forma en que se realizou o seu cálculo e a súa imputación á produción declarada.

2. Se for o caso, a instalación deberá demostrar que se cumpren os criterios dunha ampliación significativa de capacidade, segundo a definición que figura no anexo deste real decreto, co informe dun verificador acreditado independente no ámbito do sistema de comercio de dereitos de emisión. A verificación abordará a fiabilidade, credibilidade e exactitude dos datos facilitados pola instalación e dará lugar a un ditame de verificación en que se declarará cunha certeza razoable se os datos facilitados conteñen inexactitudes materiais.

3. As xustificacións descritas nos números anteriores deberanse remitir ao órgano de concesión, debidamente verificadas, antes do 31 de marzo do ano posterior á convocatoria.

4. Unha vez comprobada a documentación presentada polo beneficiario, o órgano de concesión da axuda emitirá a correspondente certificación de liquidación, na cal se fará constar o seu importe final, tendo en conta a produción real, os aumentos de capacidade e as diminucións de produción que tivesen lugar, nos termos descritos nos anteriores números 1 e 2 deste artigo.

5. O beneficiario estará sometido ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano xestor e responsable do seguimento das actuacións subvencionadas, así como ao control financeiro da Intervención Xeral do Estado, ao control fiscalizador do Tribunal de Contas e a calquera outra normativa aplicable.

#### Artigo 21. *Reintegros e incumprimentos.*

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención nos casos e nos termos previstos polo artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. De acordo coa letra n) do artigo 17.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o beneficiario estará obrigado a reintegrar a diferenza entre o importe da axuda percibido e o correspondente aos custos reais para o ano que se solicita a axuda. Cando a dita diferenza exceda o 50 por cento do importe da axuda percibido, o beneficiario estará obrigado ao reintegro total da axuda recibida máis os xuros de demora correspondentes.

3. O incumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto, especificamente o disposto nos números anteriores, na orde de convocatoria e demais normas aplicables, así como das condicións que, se for o caso, se establecesen na correspondente resolución de concesión, dará lugar, mediante o procedemento de reintegro, á obrigación de devolver total ou parcialmente as axudas percibidas e os xuros de demora correspondentes, conforme o disposto no título II, capítulo I, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no título III do seu regulamento.

4. En todo caso, o reintegro será a totalidade da axuda percibida máis os xuros de demora nos seguintes casos:

a) O falseamento, a inexactitude ou a omisión nos datos subministrados polo beneficiario que servisen de base para a concesión.

b) O incumprimento das obrigacións de xustificación en tempo e forma segundo o establecido nos números 1, 2 e 3 do artigo 20 deste real decreto.

c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación de calquera aspecto contido na documentación que achegue o beneficiario nas xustificacións dos números 1 e 2 do artigo 20 deste real decreto.

#### Artigo 22. *Sancións.*

Será de aplicación o previsto no título IV da referida Lei 38/2003, do 17 de novembro, se concorren os supostos de infraccións administrativas en materia de subvencións e axudas públicas.

#### Disposición adicional primeira. *Normativa aplicable.*

As axudas a que se refire este real decreto rexeranse, ademais de polo disposto nel, polo establecido na Lei 1/2005, do 9 de marzo, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como na Lei 47/2003, do 26 de novembro, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na Lei 11/2007, do 22 de xuño, e nas demais disposicións que resulten de aplicación.

#### Disposición adicional segunda. *Notificación e aprobación da Comisión Europea.*

As axudas previstas neste real decreto requiren a notificación á Comisión Europea e a súa aprobación. A este respecto, observarase o disposto no artigo 9.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e aplicación.*

1. O ministro de Industria, Enerxía e Turismo ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto, no ámbito das súas competencias.

2. O ministro de Industria, Enerxía e Turismo e os demais órganos do departamento ministerial, en uso das súas competencias, adoptarán as medidas necesarias para a aplicación deste real decreto e das súas disposicións de desenvolvemento e execución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de decembro de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## ANEXO

## Definicións

«Intensidade da axuda ( $A_i$ )»: importe total da axuda concedida expresado como porcentaxe dos custos subvencionables. Todas as cifras utilizadas se entenderán antes de calquera dedución fiscal ou doutras cargas.

«Intensidade máxima da axuda»: importe máximo que pode alcanzar a intensidade da axuda en función do establecido no artigo 7.3 deste real decreto.

«Factor de emisión de  $\text{CO}_2(\text{C})$ », en  $\text{tCO}_2/\text{MWh}$ : media ponderada da intensidade de  $\text{CO}_2$  da electricidade producida a partir de combustibles fósiles en diferentes zonas xeográficas. A ponderación deberá reflectir a mestura de produción dos combustibles fósiles na zona xeográfica de que se trate. O factor de  $\text{CO}_2$  é o resultado da división dos datos equivalentes de emisión de  $\text{CO}_2$  da industria da enerxía pola produción bruta de electricidade con combustibles fósiles en TWh. Segundo figura no anexo IV das directrices, a España correspóndelle un factor de 0,57.

«Dereitos de emisión da Unión Europea (DEUE)»: un dereito, transferible, a emitir unha tonelada de  $\text{CO}_2$  equivalente durante un período determinado.

«Prezo a prazo dos dereitos de emisión da UE (P)»: en euros, a media dos prezos a prazo a un ano diario dos DEUE (prezos da oferta no momento do peche) para entrega en decembro do ano en que se concede a axuda, observada en calquera bolsa de carbono da UE entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior a aquel en que se conceda a axuda. Por exemplo, no caso das axudas concedidas en 2014, é a media simple dos prezos da oferta de peche dos DEUE de decembro de 2014 observada desde o 1 de xaneiro de 2013 até o 31 de decembro de 2013 nunha determinada bolsa de carbono da UE.

«Produción de referencia (BO)»: a media de produción na instalación durante o período de referencia 2005-2011, en toneladas por ano. Un ano civil determinado (por exemplo, 2009) pode excluírse deste período de referencia de sete anos. Se a instalación non funcionou durante ao menos un ano civil entre 2005 e 2011, a produción de referencia defínese como a produción anual até que haxa catro anos de funcionamento rexistrados, e despois será a media dos tres anos precedentes dese período.

«Consumo eléctrico de referencia (BEC)»: media de consumo de electricidade, en MWh, da instalación (incluído o consumo de electricidade necesario para a fabricación de produtos externalizados subvencionables) durante o período de referencia 2005-2011. Un ano civil determinado (por exemplo, 2009) pode excluírse deste período de referencia de sete anos. Se a instalación non funcionou durante ao menos 1 ano entre 2005 e 2011, o consumo eléctrico de referencia defínese como consumo eléctrico anual até que haxa catro anos de funcionamento rexistrados, e despois defínese como a media dos tres anos precedentes cuxo funcionamento se rexistrase.

«Valor de referencia de consumo eléctrico eficiente (E)», en MWh/toneladas de produción e definido a nivel de Prodcom 8: consumo eléctrico, para un produto específico, por tonelada de produción obtida mediante os métodos máis eficientes de produción de electricidade para o produto en cuestión. Para os produtos dos sectores subvencionables para os cales se estableceu a intercambiabilidade de combustible e electricidade pola Decisión 2011/278/UE, a definición dos valores de referencia de consumo eléctrico eficiente realízase dentro dos mesmos límites do sistema, tendo en conta unicamente a parte de electricidade. Os valores de referencia de consumo de electricidade dos produtos dos sectores e subsectores subvencionables enuméranse no anexo III das directrices.

«Valor de referencia da eficiencia do consumo de electricidade alternativa (EF)»: 80 por cento do consumo eléctrico de referencia. Corresponde ao esforzo de redución media que exige a aplicación dos valores de referencia do consumo eléctrico eficiente (consumo de referencia de enerxía eléctrica/consumo eléctrico anterior). Aplícase a todos os produtos e procesos dos sectores ou subsectores subvencionables que non están cubertos polos valores de referencia de consumo eléctrico eficiente establecidos no anexo III das directrices.

«Ampliación significativa de capacidade»: aumento significativo da capacidade instalada inicial dunha instalación en virtude do cal se producen todas as consecuencias seguintes:

Rexístranse un ou máis cambios físicos identificables en relación coa súa configuración técnica e co seu funcionamento distintos da mera substitución dunha liña de produción existente; e

a instalación pode funcionar cunha capacidade, ao menos, un 10 por cento superior á capacidade instalada inicial antes do cambio resultado dun investimento en capital físico (ou unha serie de investimentos progresivos en capital físico).